ARQUIVO DE COMUNICACIÓN

ISSN En trámite

ESTUDIOS DE COMUNICACIÓN

N.º 0 xuño 2001

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE COMUNICACIÓN

ESTUDIOS DE COMUNICACIÓN. N.º 0 2001. PP. 67-78

15 ANOS DE TELEVISIÓN

Margarita Ledo Andión

Un ollar panorámico sobre un tempo, o tempo dunha xeración no que a sociedade galega foi mudando en sociedade máis ou menos telespectadora, tráenos á memoria aquel primeiro espacio tomavistas, no circuíto galego da TVE, en 1974, onde se estrea o idioma galego como lingua para un medio, o televisivo, e como síntoma dun proceso de encontros e de desencontros para o debate sobre novos espacios nas relacións sociais de comunicación. «Panorama de Galicia», dende o segundo andar do Casino de Cabaleiros, na compostelá Rúa do Vilar, dicíase na época, foi a sede fundacional dos informativos en galego, abrindo unha fenda co retrato ó óleo, enfático como o dos relicarios, ecuestre e triunfal, do Xeneral Franco, unha icona que perviviu ata 1993 nos locais do Casino, a rentes do chan.

Pero a debilidade descentralizadora daquel proxecto, amais da imposibilidade para pensar sobre Galicia como un suxeito colectivo, arredou a sorte, é dicir, a dotación de infraestructuras, de medios e de espacios, da andadura rexional da TVE -a primeira desconexión realízase o 25 de xullo do 1971-, que ata día de hoxe a penas mudou o seu esquema de programación: telexornal, deportes, *magazines* e franxas horarias que a preparan para o enganche co circuíto estatal ó mediodía e cara á fin do serán. Cunha redacción profesional de experiencia cumprida, co único arquivo de imaxes dos anos setenta, das negociacións na transición e da implantación da autonomía, TVE-Galicia nin acaba de rendibilizar este capital informativo nin a súa imaxe de marca consegue desprenderse das saias institucionais nese decorado en continuo, «Desde Galicia para el Mundo», que ten a súa audiencia-tipo na emigración americana.

Con este recordatorio dos tempos da inocencia, da tele igual ó espello que te reconcilia co real mentres che axuda a ignorar que os vampiros, personaxes na sombra, esméranse -precisamente- en non se reflectir, abordamos un dos feitos máis importantes para a cidadanía dun pequeno país da Europa actual: a

existencia dunha televisión de propiedade pública. E é que a televisión pública, xunto coa urxencia por retornar á súa razón orixinal de servicio público deveu, unha vez máis, o referente non só para cuestións como a manifestación do plural, da diferencia e a hibridación que son constitutivas de cada sociedade, senón para a súa posta en relación cos mais, cun 'outro' que poderá ser un non-lugar, a política europea de comunicación; que quizais sexa un espacio de relación, de Fisterra a Finlandia; unha comunidade na diáspora, a Galicia exterior, ou o comercio de bens da industria cultural -coa electrónica ó noso favor- nun intre en que o termo comercio poderá volver ó seu significado orixinal de tránsito de persoas e non só de xogadas en bolsa.

CONSIDERACIÓNS

O esquema que propomos esíxenos unha aproximación a certos aspectos que cualifican para nós a televisión de servicio público, recomenda describir arestora a situación (datos de 1999), así como decidir en que categorías fragmentamos a entrada neste obxecto que, a partir de agora será a TVG. De modo sobranceiro, para a avaliación, tentaremos pescudar e fixar aquilo que foi ficando por algures e aínda, a día de hoxe, está sen desenvolver. Podería preguntársenos a razón de non incluírmos na análise a TV-local, un fenómeno irregular de máis para conseguir sistematizalo e cualificalo no noso contexto e cunha descrición que, entre aparicións e desaparicións, esgotaría o número de páxinas á nosa disposición, ou arredor do papel das privadas estatais (Antena 3, Tele 5, Canal +) na paisaxe galega da televisión que, ó non se significaren nin na producción de contidos ou a innovación de formatos, ó non faceren uso dunha constante identitaria para a nosa producción cultural, o idioma, ó non realizar ningúnha empresa económica máis aló da típica *joint venture* con empresas locais, só de modo continxente podería adquirir valor.

Trátase, no caso que nos ocupa, de ver na televisión unha das condicións para a práctica do dereito á comunicación e mais á cultura, como política; cómpre considerala como parte da industria da comunicación e da cultura nas súas funcións de producción, de compra, de difusión; interésanos como parte das relacións de intercambio co diferente en tanto diferente -relacións multi e interculturais- e como un activo na posta en escena, nas modalidades de representación: como te ves, como te ven, como te queren ver, como te queres ver.

Por cuestións de método imos deixar nas marxes consideracións sobre o actual modelo comercial que caracteriza o sistema televisivo dominante a nivel español, so o signo da publicidade e da distorsión voluntaria nesa atadura ó que 'a xente quere-a xente ve' no que adoito se xustifica o xenérico da

programación, e onde acostuma residir a confusión interesada entre efectos e causas. E imos, asemade, deixar para outra ocasión as razóns de por que non se tenta coñecer o público, os públicos -ó contrario do que acometeu a canle pública inglesa coa investigación *BBC People and Programs*, onde se incluíron variantes nacionais, étnicas e culturais a máis das convencionais de xénero, de clase e de idade- e moito menos se pretende crear un público, como fixo ARTE, co seu 12 por cento e a súa imaxe multicultural, de contemporaneidade e de innovación.

A promoción lisa de espacios, situándoos en *prime time* tollen, pola contra, discusións arredor da calidade, como se fose inabordable, iso da calidade, dende dentro da cultural televisiva, dende a profesionalidade, dende os medios técnicos e a cultura comunicativa que vai construíndo cada sociedade, como se a calidade non tivese múltiples rexistros e se definise nun proceso permanente de xiros, de recambio de códigos e de convencións mesmo dende o que é específico da Tv -a serialidade, o hiperrealismo do plató, a fragmentación, as personaxes con que ela propia se representa, ese *star system* que para a galega se apoia en Gaioso, en Piñeiro ou en Ana Kiro.

TVG, ESTADO DA CUESTIÓN

En xullo do 1984 o Parlamento de Galicia aproba o proxecto de lei para a creación da CRTVG. Ó contrario por exemplo da ETB, que evitou someterse á Lei da Terceira Canle, a TVG artéllase neste marco normativo onde se definen tanto a composición e estructura dos órganos de dirección e de control como o sistema de financiamento. Nos seus textos fundacionais, nos Principios básicos e nos Obxectivos da programación reitérase o apoio de "toda actividade que fomente a participación do cidadán galego no proceso de comunicación" e no concreto o Consello de Administración terá que responder pola presencia na oferta do "mundo cultural", da "realidade socioeconómica" ou verbo do incremento da producción propia, baseala en temática e autores galegos , con valor de universalidade para que "poida ter acollida noutros mercados, o que servirá como apoio ós investimentos que nese sentido se fagan en Galicia e como proxección no exterior da imaxe do propio país".

Agás un curto período de goberno tripartito a finais dos oitenta, que privilexiou a oferta de espacios catalogados como culturais -á par do endebedamento-, tanto a creación da TVG como a política televisiva dominante dependeu dos diversos, e nun tempo pouco homoxéneos, gobernos do Partido Popular. Ben andados os anos noventa é cando por fin se estableceu un plan de intervención tanto a nivel empresarial como tecnolóxico na CRTVG, un plan que contempla dende aspectos de colaboración coa formación e coa pescuda

universitarias e ata a definición de obxectivos arredor da producción e coprodución de programas de *stock*, o mostrario que, de seu, pode viaxar e se pode comercializar.

O 24 de xullo de 1985 a Galicia telespectadora viu unha mediametraxe do cineasta Chano Piñeiro, *Mamasunción*; contemplou o ritual da inauguración da propia tele e os Fogos do Apóstolo e asistiu a un musical. De xeito sintomático anunciábaselle que a retransmisión, a ficción e a música entraban a configurar o perfil da tele-prolongación da política autonómica, unha oferta que no día a seguir en troques de cinema nacional ofertou, en galego, a serie americana *Dallas*.

Co paso do tempo a tríade información-musicais-ficción mantense como eixo no que pivotan o resto dos contidos ata que, en 1997, o deporte vai coller vantaxe fronte da información e tamén da ficción. A programación de variedades, concursos e *talkshows* multiplica por 3 a súa presencia nunha oferta que se completa con programas de servicio, nomeadamente os do agro, e tamén infantís, no que é sobranceiro *Xabarín*. A producción propia chega ó 75 por cento. Dende o 1995 comézase a producción de ficción coa *sit-com* «Pratos Combinados» e en 1999, con «Mareas Vivas», o galego coloquial entra nunha serie que será, asemade, a primeira en circular dobrada ó castelán noutras televisións.

Verbo da cota de pantalla, para o 1998, o musical ocupa o primeiro lugar, co 25 por cento seguido de preto polo deporte. O terceiro lugar é para a información, co 20 por cento e despois vén un significativo e de difícil encadramento 'Outros' (eventos, especiais, etc.) case co 19, en vencello con campañas das que esvae con frecuencia unha mal disimulada autopromoción gobernamental. Os concursos co 18,2, a variedade *miscelánea* co 17, deixan para a fin os culturais, 14,6 e mais a ficción, co 13,1 por cento.

Sen embargo, o macro-xénero informativo é quen achega máis audiencia á TVG, o 28,4 por cento, seguido da miscelánea, cun 21, os deportes, co 16,6 e mais a ficción co 11,4 por cen.

Como referencias internas do período no que a Tv cumpre os seus quince anos podemos sinalar o 1992, o ano de estrea de «Luar» e da súa man, co paso dos anos, da audiencia-tipo convertida en personaxe de plató para musicais, *varietés demi-mondaines*, e espacios contedor. Máis da metade da audiencia é de mulleres, a franxa de idade máis representativa (*circa* 20 por cento) é de máis de 65 anos, pertence ás clases populares (autónomos, pequenos propietarios, asalariados e amas de casa *'sens papiers'*), vive en fogares de máis de 3 persoas e en asentamentos de entre 2 mil e 10 mil habitantes.

Do ano 1993 en diante, con mudanzas na política estatal e europea de comunicación, vai medrar o grao de competencias da CRTVG -máis ou menos

coincidindo co mandato do seu actual Director Xeral- iniciándose un plan de reformas na súa estructura e ámbitos de intervención que exemplificamos co seu sinal vía satélite, en ofertas por cabo e por *webcasting* e, singularmente, no peche das contas dando positivo por primeira vez no exercicio do 1995.

COMPARACIÓN DO ORZAMENTO 1986/1989/1992/1995/1998

	Publicidade	Venda dereitos	Subvencións	Beneficios	Perdas
1986	324.189.791	39.827.592	1.780.110.000		226.528.600
1989	1.012.925.148	135.056.211	2.942.630.000		2.942.630.000
1992	1.481.291.128	260.808.796	5.967.051.000		9.47.580.442
1995	1.681.696.049	476.162.844	7.574.822.471		16.315.696
1998	2.573.921.917	7.39.771.217	8.078.643.699		31.498.338

DA TELE COMO SERVICIO

O primeiro apuntamento sobre o servicio público sérvenos para identificar a fase inaugural da televisión, no albor do século e da sociedade de comunicación de masas. Sérvenos para coincidir ou non coa idea de que un monopolio soamente poderá ser aceptable se é de propiedade pública e se se ve libre das influencias políticas e económicas, díxonos o primeiro Director Administrativo da BBC, John Reith. Díxoo no comezo da década dos vinte para xustificar a Televisión pública e engadiu, asemade, que a radiodifusión estará sempre regulada. Se non é polas regras sociais, ha ser o mercado quen impoña as súas, remarcou. E con este principio tan diáfano incidiu na incorporación da televisión ó espacio público tal e como influíra no 1839 o discurso do político republicano Aragó na Academia das Artes e das Ciencias parisiense para que o Estado francés adquirise a patente da fotografía e garantise o seu uso universal. Porque o termo universal, ou internacional, xa existía e non é unha creación da tecnoloxía.

Daquela, no 1924, xa eramos capaces de prever que a técnica e mais o mercado, na súa mesma evolución, quererían ocuparse de todo. Xa sabiamos que andabamos por entre a mundialización e que estabamos de cheo imbuídos pola teoría do progreso, polo culto ás forzas productivas, pola expansión colonial e pola política a favor, ou en contra, do capital. E tamén por todo iso, como a día de hoxe pasa con Internet e coa exclusión da rede do 80 por cento da humanidade (informe de Nacións Unidas), o século crebou.

O segundo apuntamento ponnos na palma da man, unha segunda e curta fase da televisión: o estouro da oferta a resultas do binomio desregulación/privatización. "A orientación da política europea nos oitenta

colocou ó mercado como determinante para o desenvolvemento das emisións, pero hoxe -fala no 1996, o ano en que comezaba Teilifis na Gaeilga, TnaG- recoñécese que a simple creación de novas canles ou novos medios de distribución non traen a diversidade de fontes de programación que o cidadán europeo podería gozar", defendía no Foro de Amsterdam do EIM o director adxunto de Radio Teleifis Eireann. E con esta simple afirmación insinuaba un xiro profundo no modo de tratar sobre a televisión "A palabra servicio é o elemento-chave para entendérmonos: dirixámonos á audiencia como cidadanía, non como consumidores; miremos á xente que servimos como comunidades non como mercados", argumentou Bob Collins.

E pechamos o circo co apuntamento número tres, dende a mesma área xeopolítica, cunha referencia preciosa da profesora do Instituto de Tecnoloxía de Dublín, Ellen Hazelkorn, a propósito do estereotipo de Irlanda como un país de desenvolvemento tardío, cun sobexo de actividade agrícola e vencellada á cultura da emigración que, de súpeto, pasa a ser coñecido como "o tigre celta". Dende mediados dos oitenta, fainos saber a profesora Hazelkorn, a política irlandesa centrouse na industria electrónica, con interese especial na difusión de información e de productos culturais e seguiuse unha estratexia de formación superior que uniu a creatividade coa tecnoloxía amais de contemplarse a diáspora como beneficiosa, como un mercado potencial, na era dixital e na era Internet. "Gracias a que os productos culturais -cito literalmente un seu artigo publicado no n.º 6 dos Cadernos do CAC, Conseil de l'Audiovisual de Catalunya- dos que semella que Irlanda dispón sobradamente, serán moi importantes no vindeiro milenio, as industrias culturais -a emisión electrónica, os medios escritos e a publicidade, o multimedia e as artes dixitais, o cinema e as artes interpretativas- son consideradas polos políticos como o centro configurador do futuro económico de Irlanda".

PARA UNHA ACHEGA IDENTITARIA DENDE A TELEVISIÓN

A día de hoxe a industria da cultura en Galicia segue a asentar en tres escanos: na lingua galega, nas producción en lingua galega (libro, disco, cinema/vídeo) e na necesidade dunha política pública que non só teña en conta a Cultura como parte dunha póla económica estratéxica, como *loccus* para o rendemento dun hipersector, o da comunicación, se non como unha categoría que xa entrou como activo nos diferentes modelos que organizan o intercambio -desigual- de bens, de discursos e de propostas.

A decisión tomada polo Parlamento de Galicia en 1984 para botar a andar a televisión pública autonómica permítenos non só poder avaliar os paradoxos políticos no que de maneira lisa denominamos 'audiovisual' como comprobar

que con esa decisión se materializa unha nosa posibilidade de intervir na mundialización dende un pequeno país, coa súa versión continxente de Estado-providencia, o réxime autonómico, e acusando a urxencia en acertar nun tipo de programa xeral que non confíe só na subvención a proxectos particulares e na rede (e dígoo porque este é un síntoma apreciable na política de comunicación do goberno que preside Fraga) nin olle para os *media* como un factor instrumental (e advírtoo porque este é un outro síntoma na política da primeira forza política da oposición, o Bloque Nacionalista Galego).

1. EN GALEGO

O pasado mes de febreiro do ano en curso a televisión pública de Galicia, TVG, asinou un acordo de coprodución e mais dereitos de emisión coa Asociación Galega de Productoras Independentes, AGAPI, na continuación dunha política de apoio ó sector audiovisual, para garantir a posibilidade de contarmos cunha programación de contidos galegos e como proxección da imaxe de Galicia no exterior. Televisión de Galicia trasladaba para o compromiso práctico algunhas das recomendacións que figuran nas conclusións da investigación das Universidades de Haute-Bretagne, Santiago de Compostela e Wales, Tv e Interculturalidade: Bretaña,Galicia e o País de Gales, da que foi un dos parceiros, así como no *Informe sobre o Audiovisual en Galicia*, 1998, realizado so os auspicios do Consello da Cultura Galega .

2. AS INICIATIVAS

TVG disponse a investir, ata o 2002, nove millóns de euros en producción con versión orixinal en lingua galega e fai constar, por primeira vez de maneira explícita, que o idioma é un dos elementos referenciais para que saibamos que unha producción é galega. A carón, pois, destes elementos funcionais que se ampararon en coordenadas de pertenza das persoas e dos recursos a un lugar, elementos que ata hoxe dominaron a práctica, é dicir a política, da producción de contidos, emerxe un campo de relacións consonte co proceso en curso, que vincula a lóxica da cultura cos programas de producción e de distribución, coa política de representación colectiva e coa construcción, en suma, da identidade a través, no noso caso, da lingua galega, símbolo incontestado dun real no que a verdade pasa polo recoñecemento de que formamos parte dese inmenso xénero humano que por Europa adiante son os 'sen papeis', os 'sen terra', ou no noso caso a tríade de nacións 'sen Estado', nas que o proceso de recoñecemento ficou tronzado de maneira violenta polo golpe militar do xeneral Franco.

Con dez proxectos novos en proceso de realización, en xullo de 2000 a TVG asinou un protocolo coa privada de pago Canal +, para a adquisición conxunta de dereitos cinematográficos de emisión e para acordos de coprodución.

3. OS GALEGOS

Na súa creación da TV pública de Galicia que, lembrémolo, comeza as súas emisións nunha data simbólica, 25 de xullo de 1985, Día da Patria Galega, e que as regulariza no 1986, declara como puntos de interese rachar o monopolio estatal -estamos na metade dos oitenta, no debate da lei das privadas- e recuperar a identidade de Galicia a través, por exemplo, da escolla de temáticas e de autores galegos -a nosa primixenia versión do sistema de cotas- foron o síntoma da entronización da tele como o nó organizador da producción cultural e do futuro tecido da empresa audiovisual. En 1999 a TVG emitiu para Galicia as 24 horas, contabilizando un total de oito mil setecentas sesenta horas das que seiscentas cincuenta e catro correspóndenlle a publicidade e autopromoción. Para América, vía Hispasat, e para Europa, vía Eutelsat, emitiu tamén as 24 horas. O número de contratos con productoras independentes foi de vinte, que contabilizaron 227 horas, por un valor de mil cento oitenta e dous millóns de pesetas. A TVG continúa, pois, co seu programa de desenvolvemento do cinema, iniciado no 1998 e complementando o establecido para a ficción (series, *sit-com*, *ten-com*, telefilmes...), con investimentos directos, garantías financeiras e axudas á promoción e á distribución

A PATRIMONIALIZACIÓN DA TELEVISIÓN

Dende Europa como área xeopolítica, e para nós dende culturas e dende nacións que pretenden anchear a democracia, ten especial relevo a modificación da Directiva "Televisión sen Fronteiras" en 1997 e a súa recente incorporación normativa no Estado español con mudanzas na Lei 25/1994, do 2 de xullo, especialmente no que se refire á regulación do sistema de cotas de programación de obras europeas e, como novidade, a introducción dunha cota de investimento do 5 por cento sobre o volume de negocio dos operadores de televisión, con destino a longametraxes e telefilmes. Aínda no marco europeo, hai que sinalar o interese pola protección á producción europea e a consideración da defensa da lingua e da cultura como obrigas de servicio público, feito que lle outorga un estatuto especial ó financiamento público de televisións como a galega -baixo ameaza de privatización- amais de pasar a consideralas como un elemento case-patrimonial das

respectivas sociedades. A afirmación, no Protocolo ó Tratado de Amsterdam (xuño, 1998), de que "o sistema de radiodifusión pública dos Estados membros (da UE) está directamente relacionado coas necesidades democráticas, sociais e culturais de cada sociedade e coa necesidade de preservar o pluralismo nos Medios de Comunicación".

Exemplo deste novo modo de ollar para a Tv, o consultor da UE e profesor Patrice Flichy, advirte que da antiga triloxía 'informar, entreter, educar' o derradeiro non forma parte xa da Tv e está a ser substituído pola difusión de coñecemento, a información terá que ser 'plural e de calidade' e o entretemento oriéntase para o apoio ós filmes nacionais de ficción, coa obriga por parte do Estado de difundir a lingua e a cultura no exterior.

Verbo do Estado español remarcamos, así mesmo, a importancia que adquire a promulgación do Decreto de Televisión Dixital Terrestre (decembro, 1998), tanto pola súa implicación no mercado como, no noso caso, pola incorporación da multiplex ó territorio de Galicia -as televisións autonómicas terían que ter comezado o recambio tecnolóxico no outono do ano 1999- con dúas canles de propiedade pública e dúas de carácter privado, o que traerá unha nova configuración da oferta dende a televisión pública -con canles temáticas e novos servicios-, públicos especializados e un novo panorama para a industria de programas, para a competencia e para a concorrencia.

Sen dúbida, no caso galego, o feito que introduce unha variante de calidade é a recente entrada en vigor da Lei 6/1999 do Audiovisual de Galicia, aprobada por consenso no Parlamento do Galicia, que na letra recoñece a importancia económica do sector, a necesidade de desenvolver a investigación e o ensino universitario e profesional, amais de remarcar o apoio á producción, difusión e comercialización de cinema e de vídeo en galego "a prol da consecución da normalización cultural e lingüística". A LAG fala asemade, explicitamente, do papel dos productos audiovisuais na construcción da imaxe de Galicia, na "defensa da identidade galega" e de que "velará porque a producción cinematográfica galega estea presente na cota de exhibición de filmes dos estados membros da UE".

Tamén no eido lexislativo, hai que subliñar a creación de Retegal, S.A. (Decreto 365/1998) cos bens e dereitos que integran as redes, equipos, sistemas e infraestructuras de telecomunicacións da Xunta de Galicia, e a importancia que terá para os servicios dixitalizados.

EXPECTATIVAS (PROVISORIAS) E CONCLUSIÓNS

É cedo aínda para constatar se certos indicios como o equilibrio orzamentario, a preocupación pola producción cinematográfica en galego, a

configuración de circuítos e a chegada da información ó primeiro lugar do *ranking* de programas (1998) ou o interese pola pescuda confirman a entrada da TVG no *idearium* da televisión de servicio público e cómpre agardar o xeito en que se aplique e se desenvolva o dixital terrestre e a posibilidade dunha segunda canle, acordos transnacionais para a presencia en áreas lingüísticas e culturais como a do galego-portugués e a Europa do Arco Atlántico, o debate público da política de relacións -e non só de axuda- coas sociedades privadas do sector audiovisual e a homologación de estructura e funcións dos organismos actuais de dominante administrativa ou partidaria chamados de 'control' -Consellos de Administración, Consello Superior da Telecomunicacións e do Audiovisual, etc.- coas Autoridades independentes que se desenvolveron nos países da UE a carón do sistema público de televisión. Máxime nunha nación, Galicia, que continúa un longo e ás veces arbitrario proceso de normalización.

BIBLIOGRAFÍA

AA.VV.: «Global and Local: The choices facing the European audiovisual industry». EIM, 11th European tv and film forum, Praga, 2-4 december 1999.
Anuario SOFRES, 1998.
CILLER TENREIRO, C.: *La televisión de Galicia: un estudio de su programación 1985-1998*, TD, UCM, 2000.
GUYOT, J., LEDO ANDIÓN, M. e MICHON, R.: *Production Télévisée et Identité culturelle en Bretagne, Galice et Pays de Galles*. Presses Universitaires de Rennes, 2000.
LEDO ANDIÓN, M.: «Galicia: televisión pública y mercado audivisual». En *Tv y desarrollo. Las regiones en la era digital*. Badajoz, Junta de Extremadura, Consejería de Educación, Ciencia y Tecnología, 2000
LEDO ANDIÓN, M.: «Nación e Producción de contidos». En: *III Colóquio Brasil-Estado español de Ciencias da Comunicación, Manaos*, 2-4 setembre 2000.
LEDO ANDIÓN, M.: «Informe sobre o audiovisual en Galicia 1998». En LÓPEZ, X. (coord.): *A comunicación en Galicia*. CCG, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2000.
MORAGAS, M., GARITAONANDÍA, C. e LÓPEZ, B (eds.): *Televisión de proximidad en Europa. Experiencias de descentralización en la era digital*. Bellaterra, UAB Servei de Publicacións, 1999.

Resumo

15 ANOS DETELEVISIÓN

Margarita Ledo Andión

A cualificación e análise da televisión abórdase dende a fixación e evolución de certas constantes de programación, dende aspectos orzamentarios e, especialmente, dende o seu rol nun proceso -irregular- que denominamos 'normalización'. Como resultado e como operador na construcción dun suxeito colectivo nacional, a televisión pública configura un dos escenarios de paso obrigado, onde se entrecruzan, máis aló da producción, difusión e comercialización de contidos, un proxecto de cidadanía e os trazos visibles da política de representación.

PALABRASCLAVE

Televisión pública, colectivo nacional, políticas de comunicación.